Mellora do cultivo ecolóxico de trigo autóctono (MR331A FEADER 2022-004A)

Entidade beneficiaria	Axuda total
• Panadería da Cunha S.L.	80.574 €
Entidades colaboradoras	
• CIAM - AGACAL	

O obxectivo xeral foi o estudo e demostración de técnicas de agricultura ecolóxica para producir trigo autóctono en Galicia, dentro dunha rotación de tres anos (chícharo de raposo-trigo-colza), en comparación co monocultivo de trigo convencional.

- **Viabilidade técnica e agronómica.**

Demostrouse que o trigo autóctono pode cultivarse en Galicia de xeito ecolóxico, cunha menor dependencia de herbicidas e funxicidas. A rotación de cultivos (chícharo de raposo-trigo-colza) mostrou melloras na fertilidade do solo e na redución de malas herbas en comparación co monocultivo convencional. Non obstante, os rendementos do cultivo ecolóxico foron inferiores aos do monocultivo convencional (ao redor dun 30 % inferior nalgunhas localidades), o que segue sendo un desafío técnico.

- **Calidade do produto final.**

O trigo autóctono ecolóxico cumpre cos requisitos de calidade para o seu uso na elaboración de produtos como o "pan galego". Avaliáronse as propiedades panadeiras, e observouse que, aínda que os rendementos foron menores, o produto final é competitivo en termos de calidade fronte ao trigo convencional.

- **Viabilidade económica.**

Os custos de produción son máis elevados, principalmente polo uso de fertilizantes orgánicos e o manexo das rotacións, o cal incrementa o prezo final do produto. O mercado do pan ecolóxico está orientado a un nicho de consumidores dispostos a pagar máis por un produto artesanal e de maior calidade. A pesar do alto custo, demostrouse que o trigo ecolóxico pode ser competitivo en mercados específicos, aínda que será necesario un aumento na demanda para reducir os custos a longo prazo.

- **Beneficios ambientais.**

A redución no uso de insumos químicos contribúe á sustentabilidade ambiental, mellora a calidade do solo e evita a contaminación por agroquímicos. A rotación de cultivos e a incorporación de leguminosas, como o chícharo de raposo, favorecen a fertilidade do terreo e reducen as necesidades de fertilizantes minerais.

Realizáronse ensaios e demostracións en parcelas de agricultores e mostráronse a aplicabilidade das técnicas ecolóxicas en diferentes localidades de Galicia. A experiencia serviu para que máis agricultores adopten prácticas de agricultura ecolóxica, aínda que os resultados varían segundo as características do terreo.